

**Expediente núm.: 201/2025**

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** S0931 - Expediente de actividades deportivas - Exercicios Saudables – Cultiva a Mente 2025

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o contrato para levar a cabo a actividade Exercicios Saudables – CULTIVA A MENTE na tempada 2025 expediente de contratación 230/2025

### RESOLVO

**Convocar a actividade para maiores de 65 anos, “Exercicios Saudables – Cultiva a Mente 2025”**

#### PRIMEIRO. LUGAR

A actividade desenrolarase nun dos edificios públicos do Concello Das Neves.

#### SEGUNDO. DURACIÓN.

A actividade se impartirá de marzo a decembro de 2025, ámbolos dous incluídos.

#### TERCEIRO. INSCRIPCIÓN

As solicitudes poderanse presentar polo rexistro de Servizos Sociais en horario de 9:00 a 14:00, pola sede electrónica ou calquera outro medio válido en dereito.

O prazo de inscrición para a actividade será do **26 de febreiro ao 4 de marzo de 2025**, ámbolos dous incluídos. No caso de non superar as prazas no grupo solicitado, admitiranse solicitudes fora de prazo ata cubrir o número máximo total de prazas.

As solicitudes tramitaranse en rigoroso orden de inscrición, con preferencia dos empadroados/as Nas Neves, quedando en lista de espera aquelas solicitudes que superen o número máximo de prazas.

Deberá presentarse o modelo de instancia de solicitude segundo o **ANEXO I** da presente resolución así como o xustificante de ingreso do prezo público.

#### CUARTO: PREZO PÚBLICO

O prezo público é de 20,00 € por persoa e tempada, segundo a ordenanza fiscal municipal vixente, que deberán ser ingresados na conta bancaria do Concello no momento de presentar a solicitude.

#### QUINTO: PRAZAS.

O número mínimo de participantes para levar a cabo esta actividade é de 10 participantes e o máximo será de 15 participantes.

No caso de non acadar o número mínimo de participantes non se levará a cabo a actividade e procederase ao reembolso do pago do prezo público dos solicitantes que xa o fixeran efectivo.

#### SEXTO:

Publicar no taboleiro de edictos a presente resolución.



## DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

### ANEXO I

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NA ACTIVIDADE DE EXERCICIOS SAUDABLES – CULTIVA A MENTE, PARA MAIORES DO CONCELLO DE AS NEVES, DA TEMPADA 2025

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:	
DNI:	*TLF:
Dirección:	
Concello:	Código Postal:

**\*En caso de urxencia contactarase a este teléfono:**

Data de nacemento:		Idade:	
¿Está empadroadada/o en As Neves?	SI	NON	

¿Padeceu ou padece algunha enfermidade ou discapacidade importante?

En caso afirmativo, indicar:

¿Ten algún tipo de alerxia?

En caso afirmativo, indicar:

¿Atópase actualmente en tratamento?

En caso afirmativo, indicar:



As persoas que asinan a folla de inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que as incapacite para a realización destes exercicios.

**SOLICITO** a participación para a que presento a seguinte documentación:

- Xustificante de pago da inscrición na actividade seleccionada na conta do Concello en  
**ABANCA: ES45 2080 5434 0731 1010 0021**

Así mesmo pola presente

**DECLARO** baixo a miña responsabilidade que son certos e comprobables todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude, así como os seguintes:

- Que autorizo expresamente ao Concello de As Neves, para recadar calquera tipo de información que poida obrar no seu poder ou solicitalo a outras administracións.
- Que acepta todos os requisitos establecidos na presente actividade.

As Neves, \_\_\_\_\_ de 2025

Asdo.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección da datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os/as solicitantes autorizan ao Concello de As Neves para o tratamento dos datos persoais incluídos no presente documento, que serán incorporados o “Registro de Actividades Deportivas, Culturais e Xuventude” do Concello para os fins propios da solicitude. Pode revocar o presente consentimento ou exercer os seus dereitos de acceso, rectificar e suprimir os datos, solicitar a dos mesmos, oporse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, por medio de <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén por [concello@asneves.gal](mailto:concello@asneves.gal) ou mediante un escrito dirixido ao Concello de As Neves (Praza da Cristiandade, nº1, 36440, As Neves), tamén a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>. Mentres non comunique o contrario, enténdese que os datos que aparecen no presente formulario non foron modificados e que se compromete a notificarlle ao Concello de As Neves calquera variación.

